

## \* FASE INTERCOMARCAL DE CAMPO A TRAVÉS \* GANDARA (NARON) – 31 de Xaneiro de 2015

**ORGANIZAN:** Secretaría Xeral para o Deporte e Federación Galega de Atletismo, coa colaboración do Club ATLETISMO NARON

### **PARTICIPANTES**

No campo a través poderán participar as entidades clasificadas segundo normativa das fases previas, achéganse listado cos clasificados para esta proba, das comarcas de FERROL-cidade, As PONTES e ORTEGAL.

### **CATEGORÍAS**

BENXAMÍN: nados nos anos 2007-2006 masculino e feminino.

ALEVÍN.....: nados nos anos 2005-2004 masculino e feminino.

INFANTIL....: nados nos anos 2003-2002 masculino e feminino.

CADETE.....: nados nos anos 2001-2000 masculino e feminino.

### **OBXECTIVOS XERAIS**

- Fomentar unha práctica deportiva, educativa e saudable.
- Difundir os valores da competición dende unha perspectiva máis regrada.
- Facilitar a práctica nunha modalidade de gran tradición histórica en Galicia.

### **SISTEMA DE COMPETICIÓN**

Nesta fase, as entidades clasificadas formarán os equipos seleccionando aos seus atletas, cun máximo de 6 participantes por equipo. Cada entidade deberá participar na súa zona correspondente, excepto en casos excepcionais nos que a participación sexa tan escasa que, a petición das propias entidades, a Secretaría Xeral para o Deporte poderá reorganizar as propias zonas previa proposta do servizo provincial correspondente.

### **LUGAR E DATA**

POLIGONO GANDARA (NARON), sábado 31 de Xaneiro do 2015.

### **INSCRICIÓN**

A inscrición dos atletas clasificados para esta Fase Intercomarcal de Campo a Través Escolar, farase **antes das 14 horas do martes 27 de xaneiro do 2015**, utilizando a folha que se inclúe nesta normativa, que deberán enviar por correo electrónico a [DEPORTEIDADEESCOLAR@HOTMAIL.COM](mailto:DEPORTEIDADEESCOLAR@HOTMAIL.COM) e ou tamén pódese facer a inscrición a través do sistema on-line da Federación Galega de Atletismo <https://isis.rfea.es/sirfra2/>, coas claves de Usuario e contrasinal asignadas e enviadas a cada club, no caso de non ter dita clave poden solicitala ao Servizo de Deporte ou a Federación Galega de Atletismo. Aínda así, e por cuestións prácticas, prégase o emprego da citada Plataforma, xa que facilita o manexo da información.

### **COMPOSICIÓN DOS EQUIPOS**

Cada equipo estará formado por seis corredores/as, dos/as que puntuarán os/as catro mellor clasificados/as ou tres (só na categoría cadete). Non se poderá completar un equipo con atletas de categorías inferiores.

### **CLASIFICACIÓNS**

Estableceranse dúas clasificacións:

- **Individual...**: Segundo a orde de entrada na meta.
- **Por equipos**: A puntuación dos equipos resultará da suma dos puntos obtidos polos 4/3 atletas mellor clasificados de cada equipo, e gañará o equipo que menos puntos sume. No caso de producirse un empate entre 2 ou máis equipos, resolverase a favor do equipo no que obtivera a mellor clasificación o último dos seus corredores que puntúe. Aqueles equipos que non cheguen á meta cos 4 ou, se é o caso, 3 atletas dos que puntúan, non puntuarán como equipo.

### **TROFEOS e MEDALLAS**

**EQUIPOS.....**: Entregaranse trofeos e medallas aos 3 primeiros clasificados en cada unha das categorías

**INDIVIDUAIS**: Entregaranse medallas aos 3 primeiros/as clasificados/as en cada unha das categorías

A entrega de trofeos e medallas terá lugar ao final da competición.

### **FASE PROVINCIAL DE CAMPO A TRAVÉS**

O Campionato Provincial de Campo a Través da provincia de “A Coruña”, terá lugar o sábado **7 de febreiro/2015**, na Praia de Cabío na Pobra do Caramiñal

Para o Campionato Provincial clasificaranse os dous mellores equipos e os/as oito primeiros/as atletas de cada categoría, que nos estiveran incluídos nos equipos clasificados, nas fases Intercomarcais, das Zonas de Coruña, Ferrol, Noia e Santiago. En ningún caso se correrá o posto de invitado os atletas que chegaran a partir do 8º clasificado/a.

### OUTRAS NORMAS

Todos os aspectos non recollidos nestas normas serán regulados pola normativa oficial da Federación Galega de Atletismo, que pode consultarse na páxina web da federación: [www.atletismogalego.org](http://www.atletismogalego.org), e na páxina web da Secretaría Xeral para o Deporte: “[deporte.xunta.es](http://deporte.xunta.es)”.

### HORARIO

Hora	Categoría	Distancia
11:00	Cadete Homes	3500m. apr. 2D.
11:30	Cadete Mulleres	1800 m. apr. 1D.
11:50	Infantil Homes	1800 m. apr. 1D.
12:10	Infantil Mulleres	1200 m. apr. 1C
12:25	Alevín Homes	1200 m. apr. 1C
12:40	Alevín Mulleres	800 m. apr. 1 A+B
12:55	Benxamín Homes	600 m. apr. 1A
13:05	Benxamín Mulleres	600 m. apr. 1A

